

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Itinerario de Interpretación
Optativa de 6º curso de Grao Profesional

Curso escolar 2023/24

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE ITINERARIO DE INTERPRETACIÓN

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSEÑANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA NA MATERIA DE ITINERARIO DE INTERPRETACIÓN
2. XUSTIFICACIÓN
3. OBXETIVOS
4. CONTIDOS
5. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA E RECURSOS MATERIAIS)
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
9. PROBAS EXTRAORDINARIAS
10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
12. ACTIVIDADES CULTURAS E DE PROMOCIÓN
13. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN
14. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA NA MATERIA DE ITINERARIO DE INTERPRETACIÓN.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de vento no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

2. XUSTIFICACIÓN DA MATERIA DE ITINERARIO DE INTERPRETACIÓN.

Neste último curso do grao profesional faise necesaria a orientación do alumnado dentro dos diferentes itinerarios que se poden cursar nas ensinanzas de grao superior. Os alumnos teñen adquirido xa certo nivel de competencias técnicas e interpretativas suficientes como para facer una reflexión sobre a práctica interpretativa e o que ésta supón dentro da súa carreira futura como músico profesional.

A través do curso de interpretación, introdúcense conceptos e reflexións sobre o propio proceso da interpretación, tales como a relación entre a partitura, a obra musical e as interpretacións ás que éstas dan lugar, as intencións do compositor á hora de crear música e o grao de respecto a esas intencións, a importancia da análise musical para a práctica instrumental e as responsabilidades históricas do intérprete moderno, como aumentar a eficacia das prácticas e os ensaios ou cómo superar o medo escénico.

Os procedementos diríxense a comprender e desentrañar a complexidade da interpretación e revelar os aspectos de aprender, executar e responder á música pertinentes ás interpretacións en todos os niveis. Están divididos en catro partes correspondentes ás etapas evolutivas dunha interpretación: Conceptos e preconceitos, aprender a interpretar, facer música e interpretar a interpretación.

Por outra parte, os procedementos diríxense non só á asimilación teórico-práctica dunha serie de reflexións sobre a interpretación, senón que pretenden á súa interiorización, asimilación e posterior posta en práctica como coñecemento e experiencia válida na vida académica e profesional do alumnado.

3.OBXECTIVOS:

1. Coñecer os diferentes conceptos relativos á interpretación a través da historia, e a importancia do coñecemento profundo e a reflexión en contraposición á tradición e á intuición.
2. Recoñecer a importancia da análise musical como ferramenta indispensable para a práctica interpretativa.
3. Comprender a psicoloxía da interpretación.
4. Recoñecer a importancia dos procesos memorísticos e o papel que xogan na interpretación.
5. Reflexionar sobre a multiplicidade de factores que entran en xogo na aprendizaxe da interpretación e o desenvolvemento da habilidade interpretativa.
6. Aprender as diferentes técnicas e procedementos que axudan ao control do medo escénico.
7. Apreciar a importancia da linguaxe xestual e corporal durante unha interpretación.
8. Desenvolver a capacidade crítica que permita ao alumno unha reflexión persoal sobre as diferentes interpretacións musicais.

4. CONTIDOS

Os contidos na materia de itinerario de interpretación do 6º curso de grao profesional son os seguintes:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- A interpretación a través da historia.
- A interpretación histórica e o intérprete moderno
- Análise e interpretación
- O desenvolvemento da habilidade interpretativa
- O medo escénico e o seu tratamento.
- Comentario crítico

SEGUNDO TRIMESTRE:

- A memorización da música
- Da partitura ao sonido
- A linguaxe do corpo durante a interpretación
- A interpretación en grupo
- Comentario crítico
- Interpretación de diversas obras na aula e posta en práctica dos contidos aprendidos.

TERCEIRO TRIMESTRE:

- A escoita da interpretación
- O legado das gravacións

- A crítica da interpretación musical
- Os intérpretes e a interpretación
- Comentario crítico
- Interpretación de diversas obras na aula e posta en práctica dos contidos aprendidos.

Exercicios:

- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.
- Audicións comentadas de diverso material sonoro.
- Lectura de textos.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA E MATERIAIS)

Organización do tempo e do espazo: as clases serán de 60 minutos nunha única sesión semanal.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): o centro conta cun equipo informático con conexión a Internet á disposición do alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a busca de partituras, arquivos de audio, libros especializados, etc.

Fomento da lectura; enfocado cara a literatura musical, procurando que teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos.

Funcionalidade dos contidos; ao tratar a funcionalidade dos contidos enfocáremoslos desde dous puntos de vista diferenciados: en primeiro lugar, tendo en conta que os coñecementos adquiridos sexan aplicables á hora de realizar novas aprendizaxes en relación coa nosa

materia e, en segundo lugar, observando a necesidade deses contidos en estudos posteriores ou, simplemente, como parte destacada na formación global do alumnado.

Búscase en todo momento fomentar a creatividade do alumnado en base a un fin último: o propio desenvolvemento creativo e interpretativo do alumno.

Búscase a interiorización de todos os novos elementos e a reorganización dos contidos xa coñecidos polo alumnado ao longo da toda a súa formación, en base a interpretación cun enfoque didáctico e práctico.

Para conseguir estes fins, a aprendizaxe enfocaráse basicamente en catro direccións:

- Realización de exercicios escritos
- Análise de textos e partituras variadas
- A escoita. A audición. O recoñecemento auditivo
- A interpretación instrumental

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios:

- A formación individual e personalizada
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- Desenvolvemento da creatividade na expresión de ideas e conceptos relacionados coa interpretación.
- Desenvolvemento da creatividade na propia capacidade interpretativa.
- A importancia do traballo en grupo e da valoración da perspectiva do outro.
- A orientación educativa

RECURSOS MATERIAIS:

1) Bibliografía orientativa

- RINK, JOHN (ed): La interpretación musical. Madrid, 2006. Ed Alianza Música
- DESCHAUSSEÉS, M: La interpretación y la música. Madrid, 2002. Rialp

- LÓPEZ DE LA LLAVE, A. e PÉREZ-LLANTADA, M^a CARMEN: Psicología para intérpretes artísticos. Madrid, 2006. Thomson Editores
- SACKS, O: Musicofilia. Relatos de la música y el cerebro. Barcelona, 2015. Anagrama.
- ROSS, A: El ruido eterno. Escuchar al siglo XX a través de su música. Barcelona, 2016. Seix Barral.

2) Material audiovisual:

Proxector, equipo de son, ordenador de profesor, ordenadores para os alumnos
(en determinadas actividades)

3) Medios Técnicos:

- Equipo de música
- Ordenador
- Piano
- Encerado
- TV, Video / DVD.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) *Desenvolver un grao profundo de comprensión do feito interpretativo e a súa complexidade*

- Búscase avaliar a asimilación por parte do alumnado dos conceptos e ideas debatidos na aula.

2) *Interpretar a sólo ou en grupo pequenas pezas no estilo proposto*

- Búscase valorar a capacidade do alumnado para desenvolver o seu propio punto de vista na interpretación da obra dun autor e época determinados, así como a adecuación ao conxunto.

3) *Realizar comentarios críticos sobre un texto dado*

- Preténdese verificar a capacidade creativa e crítica do alumnado no emprego e na combinación dos contidos estudados, así como a súa achega persoal aos traballos realizados.

4) Realizar audicións comentadas sobre fragmentos musicais propostos

- Preténdese desenvolver a capacidade crítica do alumno, valorando a precisión e a fundamentación sólida na exposición de argumentos .

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Asistencia a clase con regularidade e participación activa en cada unha das sesións. Este aspecto é fundamental debido ao plantexamento da asignatura, na que tanto a posta en común do traballo individual coma o traballo grupal cobran grande importancia.
- escoita activa dos materiais sonoros e posta en valor dos mesmos.
- Realización de unha carpeta de traballos, tipo investigación ou recensión, sobre determinados textos ou audicións, entregados en tempo e forma.

A valoración da asistencia a clase e a participación activa en cada unha das sesións, así coma os traballos entregados e/ou expostos polos alumnos suporá na nota do trimestre un **50% da nota final**.

Proba ou probas obxetivas trimestrais. Suporá o **50% da nota do trimestre**. Poderán estar constituídos por un ou máis dos seguintes exercicios:

- **Probos escritos**: nas que o alumno realizará exercicios relacionados cos contidos do curso e responderá preguntas curtas ou de desenvolvemento.
- **Probos orais**: axeitadas para aprender a desenvolverse nunha situación na que haxa oíntes (público ou tribunal examinador).

O tempo para a realización da proba será de 1 hora.

No caso de non asistir ás clases, ou ter máis de tres faltas de asistencia sen xustificar, o alumnado perderá o dereito as probas obxetivas trimestrais e deberá realizar unha proba única no mes de maio, que consistirá nun exercicio relacionado cos contidos do curso, no que

o alumno responda a preguntas curtas ou de desenvolvemento. O alumno deberá ademáis entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia (serán proporcionados con 15 días de antelación). Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter un 5 na proba obxectiva, así como un 5 nos traballos propostos: a ponderación destas notas será dun 50% e 50% respectivamente.

A duración desta proba non excederá de 60 minutos e será convocatoria única.

8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A materia de itinerario de interpretación ten unha avaliación continua, polo que a recuperación das probas obxectivas realizadas na aula realizaránse no seguinte trimestre.

Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizaráse unha proba final que consistirá nun exercicio relacionado cos contidos do curso, no que o alumno responda a preguntas curtas ou de desenvolvemento (50% da nota final) e a entrega duns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia (50% da nota final). A proba realizaráse no mes de maio, na aula e no horario correspondente á materia a recuperar. A nota final da materia constará desta proba obxectiva (50%) así como os exercicios ou traballos do último trimestre (50%).

9. PROBAS EXTRAORDINARIAS

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

A proba extraordinaria consistirá en:

- Realización dunha proba que consistirá nun exercicio relacionado cos contidos do curso, no que o alumno responda a preguntas curtas ou de desenvolvemento. O alumno deberá ademáis entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia.

- Esta proba constará dun tempo máximo de 60 minutos para a súa realización.

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de itinerario de Interpretación reflexados na Programación mediante a realización dunha proba escrita: **50% da nota final.**
- Avaliaráse a orixinalidade, creatividade e sólida fundamentación teórica dos traballos escritos entregados: **50% da nota final.**

10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra poderáse conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento correspondente, a instancia do profesorado que imparte as materias dos diferentes itinerarios.
- c) As propostas do departamento elevaráanse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de itinerario de interpretación; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns, no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen perxudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as titorías.

12. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

Tendo en conta as características da materia de itinerario de interpretación, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de vento procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como a asistencia ou participación nalgunha audición durante o curso que conste de especial interese para os fins da asignatura, así coma outras posibles actividades relacionadas coa materia.

3. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así coma os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos

esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Asimesmo, tentarásese manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

14. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de itinerario de interpretación, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo, etc.

Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaránse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

